



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 25 DE MAIO DE 2020

### LICENZAS FAVORABLES.-

**LIC/1908/2017- .- PROMOCIONES TAISCA 1000 SL-** Conceder licenza para realizar as obras de rehabilitación e consolidación de edificación de vivenda unifamiliar sita na rúa Campo de Conxo, 10 esquina rúa Sánchez Freire, 107.

**LIC/1900/2019 .- FINANCIERA MADERERA, SA (FINSA)-** Conceder licenza de obra nova de construción de nave de Muíños no LG de Formarís, 60.

**LIC/619/2018.-D. GERARDO TEJO CEPEDA.-** Conceder licenza de obras para a rehabilitación de vivenda unifamiliar sita na Travesa da Susana, 12. Marrozos.

**1.- Aprobación de Acta de sesión anterior.** Apróbase a acta.

### **2.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19".**

-Acórdase a validación dos contratos adxudicados pola Alcaldía mediante tramitación de emerxencia e de conformidade coa habilitación conferida pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 13/13/2020, que se indican a continuación:

- Subministración de material de protección (4.000 máscaras) para persoal do Concello de Santiago de Compostela" á Asociación Área Empresarial do Tambre por un prezo de 1.440,00 euros, sen IVE.
- Subministración de 46 pares de botas certificadas segundo a normativa EN-15090 para uso do persoal bombeiro do Concello de Santiago de Compostela, a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. por un prezo de 10.297,10 euros, IVE incluído.
- Subministración de 71 monos de protección química tipo 4/5/6 para uso do persoal bombeiro do Concello de Santiago de Compostela a WÜRTH ESPAÑA, S.A. por un prezo de 1.175,25 euros, IVE incluído.

-Apróbase a instrución de aplicación da FASE 2 ao sector de restauración e hostalería. A orde SND/414/2020, de 16 de maio para flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do Estado de alarma en aplicación da Fase 2 do Plan de Transición ata unha nova normalidade, permite a reapertura ao público de locais de hostalería e restauración para o consumo no local (salvo discotecas e bares de ocio) sempre que non superen o 40% do seu aforo.

Esta reapertura debe realizarse cumprindo as condicións do artigo 18 da Orde, e no que nos ocupa:

- O consumo só pode realizarse en mesa ou agrupación de mesas entre as que debe haber unha distancia de 2 metros.
- A mesa ou agrupación de mesas debe ser acorde ao número de persoas. Debería utilizarse por analoxía a aplicada par os módulos de terrazas.
- Deberán cumprirse as medidas de hixiene e prevención do artigo 19 da Orde. Os locais que teñan terraza en espazos libres privados ao aire libre (tanto con acceso directo desde o exterior como a través do local) poderán ocupalas co 50% das mesas e cadeiras contidas a súa autorización do ano 2019 cumprindo as condicións da Orde SND/399/2020, Decreto de

Alcaldía de 08/05 e Instrución de 15/05 evidentemente no que lles resulte de aplicación sen que se compute a ocupación dentro do 40% de aforo do local, segundo sinala o apartado 4 do artigo 18 da Orde 414/2020

**3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para realizar as obras de rehabilitación e consolidación de edificación de vivenda unifamiliar sita na rúa Campo de Conxo, 10 esquina rúa Sánchez Freire, 107. LIC/1908/2017. Concédese a licenza.**

**4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obra nova de construción de nave de Muíños no LG de Formarís, 60. LIC/1900/2019. Concédese a licenza**

**5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras para a rehabilitación de vivenda unifamiliar sita na Travesa da Susana, 12. Marrozos. LIC/619/2018. Concédese a licenza**

**6.- Proposta da concelleira delegada de Educación, Mocidade, Políticas de Igualdade e Políticas Lingüísticas relativa á aprobación do expediente "Servizo para a implementación do programa "Compostela territorio das mulleres 2018-2019"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente, o gasto correspondente, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 61.983,47 euros IVE excluído (IVE 21% que ascende a 13.016,53 euros).**

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente "Execución das obras de "Dúas pistas polideportivas multiúsos no lugar de Carregal e parque biosaudábel no entorno da igrexa do Piñeiro no Eixo" (POS+ 2017)"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente, o gasto correspondente, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 115.702,47 euros, IVE aparte (IVE do 21% que ascende a 24.297,52 euros).**

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente de "Execución das obras recollidas no proxecto "Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa Teresa de Jornet". POS +2019"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente, o gasto correspondente, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 181.079,56 euros IVE aparte (IVE do 21% que ascende a 38.026,71 euros).**

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente das "Obras de reparación e consolidación da Ponte de Vidán. POS + 2019"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente, o gasto correspondente, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 369.475,21 euros, IVE aparte (IVE do 21% que ascende a 77.589,79 euros).**

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente "Execución das obras recollidas no proxecto "Parque infantil en Coto dos Olmos" (POS + 2019 / Adicional 1 / 1ª fase)"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente, o gasto correspondente, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 46.921,37 euros, IVE aparte (IVE do 21% que ascende a 9.583,49 euros).**

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente de "Execución das obras recollidas no proxecto "Senda peonil e reforzo da calzada en Paredes de Laraño" (POS+ 2019 / Adicional 1 / 2ª fase)"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente, o gasto correspondente, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 138.700,06 euros, IVE aparte (IVE do 21% que ascende a 29.127,01 euros).**

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á prórroga do contrato de "Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela". Acórdase prorrogar o contrato coa empresa FERROVIAL SERVICIOS SA, por un prazo de seis meses a contar dende o 1 de xuño de 2020. O gasto necesario (560.122,74 euros), financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 040 33403**

22799 00, facéndose necesario reaxustar agora as anualidades previstas no acordo de adxudicación do contrato de data 22 de xaneiro de 2018, adaptándoas á realidade temporal definitiva do servizo. Polo tanto, a distribución do gasto para as primeiras dúas anualidades do contrato sería:

Anualidade 2018: 653.476,54 euros

Anualidade 2019: 1.120.245,49 euros

Anualidade 2020: 466.768,95 euros.

**13.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á aprobación do expediente de "Revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS). Actuacións incluídas no Programa EDUSI 2017-25, cofinanciado polo Concello de Santiago e os fondos FEDER"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Apróbase o expediente, o gasto correspondente, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 165.289,26 euros, IVE aparte (IVE do 21% que ascende a 34.710,74 euros).

**14.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das obras de "Execución do proxecto básico e de execución do edificio multiúsos en Lavacolla. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018".** Acórdase autorizar o inicio da tramitación para proceder á recepción das obras, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar á intervención municipal o lugar e hora para concorrer ao acto.

**15.- Dar conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local (CECOPAL).** Dáse conta.

## **URXENCIAS**

- 1. Proposta da concellería delegada do Medio Rural sobre a participación no "POS + ADICIONAL 2/2020" da Deputación da Coruña.** Acórdase participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 2/2020, da Deputación Provincial da Coruña, e solicita a aplicación da achega de 260.000, que, no caso de concederse, se destinaría á mellora do viario dende o entorno da N-550 en Barciela ata Casas de Arriba en Cesar (tramo da igrexa de San Andrés de Barciela ata cruce de Candelabeira).
- 2. Proposta da concellaría de Políticas Sociais sobre a participación no "POS + ADICIONAL 1/2020" da Deputación da Coruña.** Acórdase participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2020, da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados da COVID19, con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras desta deputación, e solicítase a aplicación da achega provincial asignada de 91.943,44 euros.
- 3. Recoñecemento extraxudicial de crédito.** Acórdase o recoñecemento extraxudicial de crédito formulado polo Servizo de Informática, relativo aos gastos de prestación do servizo da plataforma electrónica do mes de abril, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 1.815 euros a favor de Pixelware.